

Avanzando polo sendeiro, Draco e Andreia atoparon un rato que estaba a recoller landras baixo un carballo para levalas á súa tobeira. Cando estaban chegando ao seu lado, baixou da árbore unha curuxa e dirixiuse ao rato:

- Son a gardiá do bosque, e pídoche que non comas todas esas landras!

O rato, asustado pola voz grave e profunda da curuxa, correu a esconderse detrás dunha árbore.

O dragón, que viu na escena unha oportunidade para demostrar que podía ser de axuda, díxolle á gardiá:

- Déixalle levar ao rato as landras, non ves que é a súa comida?

Pero deixouse levar polo seu impulso, e aínda que el quería pedirlo con educación, estaba algo molesto pola intervención da curuxa, así que berrou e botou lume pola boca. Andreia tamén se sorprendeu pola intervención do dragón.

- Esas non son maneiras de arranxar as cousas. Deixa que a curuxa explique as súas razóns.

